

ANEXO IV

Formalización da adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

Dña. María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

D. Julián Bustelo Abuín, Alcalde, en nome e en representación do Concello de Rianxo en virtude das facultades conferidas segundo o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local.

DECLARAN:

Primeiro. Que, con data do 29 de decembro de 2025, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo. Que, con data do 30 de xaneiro de 2026, o Concello presentou a solicitude de adhesión ao convenio, regulada na súa cláusula terceira.

Terceiro. Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración, a aceptación da adhesión, propoñendo esta á persoa titular da Consellería do Medio Rural.

Cuarto. Que, a través da Resolución do 18 de febreiro de 2026, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Rianxo.

Por todo o exposto,

MANIFESTAN:

Primeiro. Que, a través de esta acto, se formaliza a adhesión do Concello de Rianxo ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.



Segundo. Que o Concello de Rianxo, asume con esta adhesión as obrigas e compromisos derivados de todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, con suxeición plena a todas elas.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

A Conselleira do Medio Rural.

Alcalde do Concello de Rianxo

María José Gómez Rodríguez

Julián Bustelo Abuín

